



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Tramitación de expedientes de contratación na Administración autonómica

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 1ª convocatoria

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) é unha norma que artella de forma moi extensa os distintos mecanismos, regras e procedementos aos que deben someterse os entes do sector público co fin de garantir que a contratación pública estea presidida polos principios fundamentais de concorrència, publicidade, transparencia e igualdade entre licitadores.

A tramitación de expedientes de contratación en Galicia esixe, por tanto, partir do coñecemento xeral das distintas regras e conceptos regulados na LCSP, pero tamén o manexo doutros aspectos, como son as ferramentas electrónicas que a Xunta pon ao dispor tanto de xestores administrativos como de licitadores para participar no procedemento de contratación, ou ben, a implicación de cada trámite previsto na LCSP no parello expediente de gasto contractual.

Así, este curso busca ofrecer ao alumnado unha visión ampla e básica das regras e conceptos que a LCSP inclúe en cada unha das etapas nas que se estrutura o procedemento de adxudicación (preparación, adxudicación e execución) con reflexo das súas incidencias na Administración electrónica e na contabilidade. Deste xeito, o obxectivo último é o de xerar unha idea o máis global e integrada posible, con carácter eminentemente teórico pero proxección práctica, da tramitación de expedientes de contratación ao abeiro dos recursos e da normativa aplicable en Galicia.

DESTINATARIOS

Personal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

MÓDULO I: Disposicións xerais.

- Obxecto e ámbito de aplicación.
- Tipoloxía de contratos.
- Partes da relación contractual.

MÓDULO II. O expediente de contratación.

- Planificación e racionalización. Compra pública estratéxica en Galicia.
- Tipos de tramitación: Ordinaria, de urxencia e de emerxencia.
- Fases e trámites dos expedientes de contratación.
- Os distintos procedementos de adxudicación.
- Especial referencia aos contratos menores.

MÓDULO III. Os pregos reguladores da contratación.

- Os pregos: "a lei do contrato". Tipoloxía.

Elementos do prego de cláusulas administrativas particulares.

MÓDULO IV: O expediente de gastos contractuais e a Administración electrónica no ámbito da contratación

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 06/04/2026 a 05/05/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 08/05/2026 ás 18:30h

DOCENTES NOMEADOS

PEDRO NORES BÓVEDA

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.